FACULTADE DE FARMACIA

# MEMORIA ANUAL DE CALIDADE

## Facultade de Farmacia

Curso Académico: 2015 / 2016

Comisión de Calidade do Centro

Aprobada pola Comisión de Calidade do Centro o
03/03/2017

Aprobada pola Xunta de Facultade o
24/03/2017

## Índice

1. **Introdución** ....................................................3

2. **Revisión / Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC)**.......................... 7

3. **Plan Anual de Melloras (PAM) da Facultade de Farmacia** .............................................. 15

4. **Anexo: Informe Renovación Acreditación (IRA) Grao en Farmacia 2015-2016 e Informe Anual de Seguimento (IAS) do Máster en I+D de Medicamentos 2015 – 2016**............................... 36

# 1. Introdución

Indicacións da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC para a cumprimentación

Na introdución o centro indicará brevemente:
- O compromiso do Centro e a estrutura coa que conta para o desenvolvemento do SGIC
- Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade, é dicir, a elaboración e aprobación pola Comisión de Calidade do Centro e pola Xunta de Facultade, respectivamente
- Unha breve exposición da estrutura do Centro:
    - Títulos impartidos no Centro
    - Documentación de referencia e Comisión de Garantía de Calidade no SGIC do Centro

Se o centro elabora Memorias de Calidade todos os anos, a partires da primeira é suficiente con comentar na introdución os cambios salentables.

*# O compromiso do Centro e a estrutura coa que conta para o desenvolvemento do SGIC #*

O equipo de dirección da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela (USC) é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no mesmo.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, enmarcada dentro do seu Plan Estratéxico USC2011-2020, a Programación Plurianual USC 2015-2018 e o Plan de Calidade USC 2004, a Facultade de Farmacia elabora a súa Política de Calidade marcando como principal obxectivo da mesma o desenvolvemento de programas formativos de excelencia que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficiencia cos nosos grupos de interese.

A Facultade de Farmacia quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis axeitada formación para os seus estudantes, que dan resposta ás demandas do marcado laboral, tecnolóxico e investigador, que afiancen as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente e investigador (PDI), ao persoal de administración e servizos (PAS) e que renda contas dos investimentos e optimización dos seus recursos.

A Facultade de Farmacia dirixe os seus esforzos á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os grupos de interese e co fin de satisfacelos, comprométese a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos que estean á súa disposición; sempre dentro do estrito cumprimento dos requisitos legais aplicables tanto a nivel europeo, como estatal, autonómico e universitario.

A Facultade de Farmacia da USC posúe un Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC), cuxo deseño está certificado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) e que se encadra dentro do Sistema Marco de Garantía Interna de Calidade da USC.

A estrutura coa que conta a Facultade de Farmacia para o desenvolvemento do SGIC é a seguinte:

- Equipo Decanal
- Comisión de Calidade do Centro (CCC)

- Comisión do Título de Grao en Farmacia (CT-GF)
- Comisión do Máster en I+D de Medicamentos (CM_I+D_M)
- Coordinadores dos Títulos
- Xestora de Centro

*# Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade, é dicir, a elaboración e aprobación pola Comisión de Calidade do Centro e pola xunta de Facultade, respectivamente #*

A presente Memoria Anual de Calidade (MAC) 2015-2016 da Facultade de Farmacia foi aprobada na xuntanza celebrada o día 3 de marzo de 2017.

Na MAC recóllese, ademais do mencionado ata aquí, o Seguimento do SGIC, o Plan Anual de Melloras (PAM) da Facultade de Farmacia, o Informe de Renovación da Acreditación (IRA) do Grao en Farmacia e o Informe Anual de Seguimento (IAS) do Máster en I+D de Medicamentos.

O máximo órgano colexiado de goberno da Facultade de Farmacia é a Xunta de Facultade, que é a responsable da supervisión e aprobación de toda a política de calidade do centro e, por conseguinte, da MAC 2015-2016 da Facultade de Farmacia.

*# Unha breve exposición da estrutura do Centro:*
- *Títulos impartidos no Centro*
- *Documentación de referencia e Comisión de Garantía de Calidade no SGIC do Centro #*

A estrutura organizativa da Facultade de Farmacia consta de:

a) Equipo de Dirección do Centro:
   - Decano/a
   - 2 Vicedecanos/as
   - 1 Secretario/a

b) Xunta de Facultade
c) Comisións de centro
d) Comisións de título
e) Comité Consultivo da Facultade (CCF)

Unha das accións de mellora (AM) que se contemplaba durante o curso 2015-2016 era a convocatoria e activación do CCF. Neste sentido é preciso salientar que o 15 de novembro de 2016 foi constituído o CCF coa seguinte composición:

- Sra. Decana da Facultade de Farmacia
- Sr. Presidente do Consello Social da USC
- Sr. Vicedecano e Responsable de Calidade da Facultade de Farmacia
- Sra. Vicedecana e Coordinadora do Título de Grao de Farmacia
- Sr. Secretario da Facultade de Farmacia
- Sra. Coordinadora do Máster Universitario de I+D en Medicamentos

- Sr. Coordinador do Máster Universitario en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias
- Sra. Responsable de Unidade da Facultade de Farmacia
- Sra. Representante do alumnado egresado
- Sra. Subdirectora Xeral de Farmacia da Consellería de Sanidade
- Sra. Xefa do Servizo de Farmacia do CHUS
- Sr. Presidente da Academia de Farmacia de Galicia
- Sr. Presidente da COF da Coruña
- Sr. Presidente da COF de Lugo
- Sr. Presidente da COF de Ourense
- Sra. Presidenta da COF de Pontevedra
- Sr. Directivo de COFAGA
- Sr. Directivo de COFANO
- Sr. Directivo de BIOFABRI
- Sra. Directiva da SEFAC
- Sra. Directiva da SEFAP
- Sra. Presidenta da FEGEREC

Durante o curso académico 2015-2016 os títulos que se impartiron no centro foron:

- Grao en Farmacia: título específico-propio del centro
- Máster en I+D de Medicamentos: título adscrito ao centro

Constitúe documentación de referencia a lexislación/normativa europea, estatal, autonómica, da USC, a específica da Facultade de Farmacia e a dos Departamentos con docencia na mesma e as Memorias dos títulos impartidos na Facultade. Referencia destacada, que se ampliará posteriormente, a constitúe o SGIC da Facultade de Farmacia.

En relación á normativa da Facultade de Farmacia, contemplábase como acción de mellora (AM) durante o curso 2015-2016, a redacción dun novo Regulamento de Réxime Interno (RRI- Farmacia). Elaborouse un borrador preliminar pero aínda non se someteu á consideración/aprobación por parte da CCC.

A composición da CCC é a seguinte:

- Decano/a. Presidenta da CCC
- Responsable de Calidade do Centro (RCC)
- Secretario/a da CCC
- Coordinador/a do Título de Grao en Farmacia
- Coordinador/a do Título do Máster en I+D de Medicamentos
- Xestor/a de Centro
- 2 Representantes de estudantes

A CCC reuniuse durante o curso 2015-2016, en convocatoria oficial, nas seguintes datas:

- 16 de outubro de 2015
- 5 de novembro de 2015
- 23 de novembro de 2015
- 9 de decembro de 2015
- 21 de decembro de 2015
- 15 de xaneiro de 2016

## 2. Revisión/Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

Indicacións da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC para a cumprimentación

Neste apartado recollerase a análise que a CCC desenvolveu do Sistema de Garantía Interna de Calidade do centro.
A información que debe empregarse para a análise é a seguinte:

1.- A vixencia da Política de Calidade do centro
2.- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro
3.- A evolución e grao de cumprimento dos Obxectivos de Calidade do centro, recollidos na Programación Plurianual de Calidade do centro
4.- O estado do Plan Anual de Melloras realizado durante o curso obxecto de avaliación
5.- O funcionamento e os resultados dos distintos procesos considerados no SGIC (resultados académicos e resultados dos restantes indicadores de eficacia do sistema)
6.- Seguimento das accións previstas en revisións anteriores do SGIC
7.- Procesos, procedementos e documentación do SGIC: necesidade de efectuar cambios na xestión do SGIC
8.- A información relativa á satisfacción dos grupos de interese, queixas ou reclamacións, así como das súas necesidades e expectativas.

A partires da análise desa información estableceranse:

- As accións de Mellora dos resultados e o propio SGIC
- As Necesidades de Recursos
- A necesidade de efectuar cambios no SGIC ou nos obxectivos para o próximo período

Estes aspectos, recollidos no Informe de Revisión/Seguimento do SGIC, quedarán recollidos no Plan Anual de Melloras, onde haberá que describir as Accións de Mellora propostas en relación con cada directriz, os seus responsables e o período de execución.
Este Informe de Revisión/Seguimento pode organizarse seguindo as directrices dos SGIC:

| Directrices FIDES - AUDIT |
|---|
| Directriz 1. Política e obxectivos de calidade |
| Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos |
| Directriz 3. Garantía de aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no estudante |
| Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos |
| Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos |
| Directriz 6. Información pública |

A Facultade de Farmacia adoptou o Manual Simplificado do Sistema Marco da USC, estando vixente no centro a Versión (1.0) do denominado Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade de Farmacia (MS-SGIC-Farmacia) e adoptado o resto de documentos do Sistema Marco de Garantía de Calidade.

O control de documentos e rexistros do SGIC realizouse seguindo o denominado proceso PS-04 Proceso de control dos documentos e os rexistros.

É intención do equipo de dirección da Facultade de Farmacia, contando co asesoramento do ACMP, solicitar a certificación da implantación do SGIC da Facultade de Farmacia á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG). Isto contémplase coma unha nova acción de mellora (AM) a desenvolver durante o curso 2016-2017.

Ao longo destes anos de vixencia do SGIC realizáronse os correspondentes Informes Anuais de Seguimento (IAS) dos títulos impartidos no centro.

Na páxina web da Facultade de Farmacia, recóllense os IAS dos títulos actualmente impartidos no centro. Así, nas seguintes ligazóns, pódese acceder aos IAS do Grao en Farmacia dos cursos 2010 – 2011, 2011 - 2012, 2012 – 2013, 2013 – 2014 e 2014 – 2015. No curso académico 2012 – 2013 a ACSUG realizou un Informe de Seguimento do Grao en Farmacia obténdose unha avaliación Conforme (Positiva) da implantación do título.

Tamén se pode acceder a través da páxina web da Facultade de Farmacia ao IAS 2014-2015 do Máster en I+D de Medicamentos, que é o primeiro que se realiza desde a remisión pola ACSUG do Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación do máster, co resultado Favorable (Positivo) do devandito título.

Durante o curso 2014-2015 tamén se renovou a acreditación do Máster en Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias. Este máster non se impartiu durante o curso 22015-2016, polo que non presentou IAS 2014-2015 na Facultade de Farmacia.

Durante o pasado curso académico 2015-2016 actualizouse a composición da CCC, coa incorporación da nova coordinadora do Máster en I+D de Medicamentos, a Profa. Reyes Laguna Francia en substitución da Prof. Begoña Seijo.

No sistema de calidade intégrase a aplicación informática: Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión (AASX), que sufriu varias modificacións desde a súa implantación inicial. Estaba prevista a impartición dun curso de formación ao Persoal de Administración e Servizos (PAS), por parte do ACMP da USC, sobre o funcionamento da AASX. Esta actividade contemplábase como unha acción de mellora (AM) do curso 2015-2016 e, aínda que foi solicitada á ACMP, debido á elevada carga de traballo non foron quen de atender á nosa solicitude. Mantense como Acción de Mellora do centro.

*# 1.- A vixencia da Política de Calidade do centro #*

No Manual Simplificado do SGIC da Facultade de Farmacia, aprobado polo Consello de Goberno da USC o 4 de febreiro de 2015, recóllese a Política de Calidade do centro rubricada pola Decana.

No devandito apartado recóllese que a Facultade de Farmacia adquire o firme propósito de garantir a calidade na mesma e establecer a súa política baixo os principios de:

- Responsabilidade: proporcionando unha formación dirixida á excelencia e garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.
- Integración, participación e igualdade: esta Facultade establece como un dos principios clave da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da Facultade a través das vías establecidas para iso, garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.
- Orientación ao alumnado: A Facultade de Farmacia garante que todos os seus programas formativos están orientados ao estudante, entendendo que son os principais receptores dos mesmos.

- Excelencia: o traballo na Facultade de Farmacia realízase tendo como meta acadar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria.
- Transparencia: A Facultade de Farmacia basea a xestión dos seus programas formativos na transparencia dos seus resultados e na difusión dos mesmos a grupos de interese.

Principios todos eles plenamente vixentes que constitúen a guía de actuación do equipo de dirección do centro.

*# 2.- A evolución e o grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro #*

A elaboración e aprobación do Plan Estratéxico da Facultade de Farmacia contemplábase como unha das accións de mellora (AM) do centro a desenvolver durante o ano 2016. En execución.

*# 3.- A evolución e grao de cumprimento dos Obxectivos de Calidade do centro, recollidos na Programación Plurianual de Calidade do centro #*

A elaboración e aprobación da Programación Plurianual de Calidade da Facultade de Farmacia tamén se contempla como unha das accións de mellora (AM) do centro a desenvolver durante o ano 2016. En execución.

*# 4.- O estado do Plan Anual de Melloras realizado durante o curso obxecto de avaliación #*

Na pasada Memoria Anual de Calidade 2014-2015 elaborouse un Plan Anual de Melloras (PAM) da Facultade no que se establecen Accións de Mellora específicas do centro e se asumen tamén, como propias do centro, algunhas das Accións de Mellora propostas polos títulos que se imparten na Facultade.

O estado do PAM é os seguinte:

AM-FFAR-1: Elaborar o Plan Estratéxico da Facultade de Farmacia. En execución.

AM-FFAR-2: Elaborar a Programación Plurianual da Facultade de Farmacia. En execución.

AM-FFAR-3: Elaborar un novo Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Farmacia. En execución.

AM-FFAR-4: Certificar a Implantación do SGIC da Facultade de Farmacia. A USC estableceu un programa piloto de certificación do SGIC dos centros e a Facultade de Farmacia non foi elixida dentro do mesmo.

AM-FFAR-5: Propoñer xuntanzas trimestrais periódicas das Comisións dos Títulos para analizar os indicadores, informes, enquisas propias, etc, coa finalidade de elaborar IAS máis reflexivos. Parcialmente executado.

AM-FFAR-6: Incrementar a información da CCC dispoñible na páxina web correspondente á Calidade/SGIC. Ademais, realizaranse unha ou dúas sesións informativas dirixidas aos distintos grupos de interese. Parcialmente executado. Incrementouse a información dispoñible na páxina web e se procedeu a unha nova orde, facilitando así a súa lectura.

AM-FFAR-7: Incrementar a porcentaxe das enquisas. Para iso, contando coa colaboración das asociacións de estudantes, realizaranse sesións informativas que poñan de manifesto a importancia das enquisas nunha mellora da calidade dos títulos (Grao e Máster) impartidos no centro. Fíxose publicidade a través das pantallas dispoñibles no centro, das datas nas que nos alumnos deben de responder ás enquisas, convidándoos a participaren. Porén, algúns profesores lles explican a importancia para mellorar a calidade.

AM-FFAR-8: Convocar o Comité Consultivo da Facultade de Farmacia. Executado. O día 15 de novembro de 2016 constituíuse o Comité Consultivo.

AM-FFAR-9: Incremento de Profesores Visitantes a través dos distintos programas (Erasmus Mundus, AECID, etc.). Executado. Convidáronse a profesores que realizaron estadías na Facultade ou as realizarán proximamente.

AM-FFAR-10: Incrementar la dispoñibilidade de destinos para realizar Prácticas Externas Curriculares. Executado parcialmente. Estase en período de formación dun acordo coa empresa Biofabri para a realización de Prácticas Externas Curriculares Optativas.

AM-FFAR-11: Incrementar os destinos de mobilidade dispoñibles a través dos distintos programas (Erasmus+, Bilaterais, etc.). Executado parcialmente. Incrementouse un destino dentro do programa Erasmus+ (Universidade de Lublin, Polonia) e se renovaron convenios con outras universidades.

AM-FFAR-12: Impartición de cursos de formación en competencias transversais. Executada. Realizáronse cursos de competencias transversais nos que participaron estudantes, nos que participaron estudantes, PAS y PDI.

AM-FFAR-13: Realización de enquisas propias. Executada parcialmente. Aos alumnos de Prácticas Externas Optativas se lles indica que, na propia memoria de prácticas que teñen que entregar ao finalizalas, inclúan un apartado de visión persoal das prácticas en la propia memoria de prácticas que teñen que entregar ao finalizalas, inclúan un apartado de visión persoal das prácticas realizadas. Aos alumnos de prácticas tuteladas (prácticas externa obrigatorias) se lles pasa unha enquisa de satisfacción, a dita enquisa foi aprobada pola Comisión mixta de Prácticas tuteladas. Ademais, o ACMP realiza as enquisas centralizadas de satisfacción de estudantes/PAS/PDI e o CeTA dos cursos de formación en competencias transversais impartidos no centro.

AM-FFAR-14: Creación e posta en funcionamento dun Grupo de Innovación Docente en Farmacia (GIDFAR). Executada. O grupo promoveu a realización de cursos de formación en competencias transversais.

AM-FFAR-15: Realización de cursos de formación. Solicitarase a inclusión dos cursos dentro do PFID da USC. Executada. Incluíronse tres cursos realizados dentro do PFID da USC.

AM-FFAR-16: Impartir cursos de formación sobre a AASX ao PDI e PAS responsable da súa utilización. En execución. Solicitouse ao ACMP a impartición dos devanditos cursos.

AM-FFAR-17: Curso de Prevención de Riscos Laborais. Executado. Impartiuse un curso de prevención de riscos o 25 de xaneiro de 2017.

AM-FFAR-18: Incrementar a mobilidade de PDI e PAS a través dos distintos programas de mobilidade. En execución.

AM-FFAR-19: Adquisición de material informático para as aulas de informática e para préstamo. Non se puido executar por falta de orzamento.

AM-FFAR-20: Adquisición de software. Adquiriuse un software para prácticas.

AM-FFAR-21: Adquisición de cañóns de proxección. Adquiríronse dous cañóns para renovar dous dos xa existentes que se estropearan.

AM-FFAR-22: Adquisición dun servidor NAS. Non executada. Non se financiou a adquisición do mesmo dentro do programa de Mellora Docente da USC.

AM-FFAR-23: Adquisición de dous TVs para instalalos nos corredores e aula Magna. Non executada. Non se financiou a adquisición dentro do programa de Mellora Docente da USC. Ademais a zona do pavillón de aulas está en período de remodelación total, polo que non se poderían ter utilizado.

AM-FFAR-24: Adquisición de equipamento/material de laboratorio que se poida compartir para as prácticas das distintas materias. Adquiriuse un espectofotómetro Visibles/ultravioleta, coa finalidade de darlle un uso compartido.

AM-FFAR-25: Mellorar o deseño e a información dispoñible na sección de Calidade/SGIC. Executada. Deseñouse e incrementouse a accesibilidade e a información dispoñible na sección correspondente da páxina web.

AM-FFAR-26: Promocionar/facilitar información da Facultade de Farmacia a través das redes sociais. Executada parcialmente. Deuse de alta unha conta para facilitar información da Facultade a través de Facebook.

*# 5.- O funcionamento e os resultados dos distintos procesos considerados no SGIC (resultados académicos e resultados dos restantes indicadores de eficacia do sistema) #*

A finalidade dos SGIC é a de conseguir a máxima eficacia e eficiencia no proceso de ensino-aprendizaxe e de todos os actores implicados no dito proceso, formando así profesionais capaces que respondan ás necesidades da sociedade.

Os valores dos indicadores máis directamente relacionados cos resultados académicos durante o curso 2015-2016 foron:

a) Grao en Farmacia

| Indicador | Grao en Farmacia |
|---|---|
| IN39G-S01-PM-01-Eficiencia dos titulados | 97,06* |
| IN35G-S01-PM-01-Taxa de éxito | 83,16 |
| IN34G-S01-PM-01-Taxa de rendemento | 75,16 |
| IN37G-S01-PM-01-Taxa de graduación | 63,32 |
| IN38G-S01-PM-01-Duración media dos estudos | 5,48 |

*Curso 2014-2015. Último valor dispoñible na páxina web do ACMP de la USC

A eficiencia dos titulados é moi elevada, estando dentro das catro primeiras titulacións da USC e a segunda dentro da Área de Ciencias da Saúde. É intención do equipo de dirección seguir incrementando os valores das taxas de éxito e rendemento.

b) Máster en I+D de Medicamentos

| Indicador | Máster I+D Medicamentos |
|---|---|
| IN39M-S01-PM-01-Eficiencia dos titulados | 100 * |
| IN35M-S01-PM-01-Taxa de éxito | 100 |
| IN34M-S01-PM-01-Taxa de rendemento | 100 |
| IN37M-S01-PM-01-Taxa de graduación | 100 |
| IN38M-S01-PM-01-Duración media dos estudios | 1,08 |

*Curso 2014-2015. Último valor dispoñible na páxina web do ACMP de la USC

A taxa de eficiencia e de éxito pode ser maior e nos propoñemos mantelas neses valores.

Os valores da taxa de rendemento e a taxa de graducación tamén son elevados, atopándose no tercio superior de valores de todos os másteres impartidos na USC.

Para os dous títulos incluíronse os enlaces aos distintos indicadores mencionados para permitir unha máis fácil comparación dos resultados do curso 2015-2016 cos de cursos anteriores e tamén para facilitar a comparación dos títulos impartidos no centro con outros títulos impartidos na USC.

Como se indica no pe de cada táboa, os valores de Eficiencia dos Titulados se refiren aos do cruso 2015-2015, últimos dispoñibles na páxina web do ACMP da USC.

Aos outros indicadores do Grao en Farmacia e do Máster en I+D de Medicamentos pódese acceder a través do apartado de Seguimento dos títulos oficiais da USC da páxina web do ACMP.

Analizando a mobilidade de estudantes, PDI e PAS proponse como Acción de Mellora (AM) do centro o incremento da mobilidade de estudantes, PDI e PAS.

A análise dos distintos indicadores e informes dos títulos impartidos no centro xa se realizaron e plasmaron no Informe de Renovación da Acreditación (IRA) do Grao en Farmacia e no Informe Anual de Seguimento (IAS) do Máster en I+D de Medicamentos.

# *6.- Seguimento das accións previstas en revisións anteriores do SGIC*

Realizáronse tres revisións do SGIC da Facultade de Farmacia por parte de avaliadores externos. Estas revisións utilizáronse como base para a reflexión e a Revisión/Seguimento do SGIC que se recollen na Memoria Anual de Calidade (MAC) do curso 2014-2015, onde se fixo unha revisión exhaustiva do SGIC do Centro ata esa data.

Tamén se realizou unha revisión do desenvolvemento/funcionamento do SGIC da Facultade durante o curso 2015-2016, que se recolle no Informe de Renovación da Acreditación (IRA) do Grao en Farmacia 2015-2016 e que se acompaña como Anexo no apartado cuarto da presente MAC 2015-2016.

Entre outras consecuencias da revisión, proponse unha nova actualización do Manual Simplificado do SGIC da Facultade, eliminando aqueles títulos que xa non se imparten no centro e reaxustando as comisións e a súa constitución.

# *7.- Procesos, procedementos e documentación do SGIC: necesidade de efectuar cambios na xestión do SGIC*

Se ben se realizou a modificación do Manual Simplificado do SGIC no curso 2014-2015, é preciso realizar unha nova modificación do mesmo, como se comentou anteriormente.

É necesario mellorar o grao de imprantación do SGIC, para o que se precisa dunha formación complementaria sobre a Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión (AASG).

Unha das Accións de Mellora que se propón é a certificación por parte da ACSUG da imprantación do SGIC da Facultade de Farmacia, ao igual que se certificou no seu momento o deseño do mesmo. Relacionado con esta acción de mellora existe un compromiso verbal da ACMP para solicitar a certificación no curso 2017-2018.

*# 8.- A información relativa á satisfacción dos grupos de interese, queixas ou reclamacións, así como das súas necesidades e expectativas #*

Os resultados das enquisas de satisfacción dos distintos grupos de interese durante o curso obxecto de seguimento (2015-2016) e os cursos anteriores pódense ver na sección de Seguimento dos Títulos do ACMP da USC. Ademais, tamén se poden comparar con outras titulacións impartidas na USC.

Salientar a baixa porcentaxe de estudantes que cumprimentan as enquisas de satisfacción, algo xeral nas titulacións da Área de Ciencias da Saúde.

Proponse como Acción de Mellora (AM) incrementar a porcentraxe de participación nas enquisas mellorando a páxina web, utilizando as redes sociais para potenciar a comunicación cos estudantes, etc. Tamén se propón utilizar dispositivos móbiles para a elaboración e recollida de datos nas enquisas.

Respecto ás queixas, reclamacións e suxerencias manifestadas polo profesorado/PAS/Estudantes son similares ás da MAC do curso pasado: estrutura/obras do centro e contaminación, melloras nas aulas, equipamento escaso e presuposto moi baixo para a realización de prácticas, falta de expectativas de reposición de profesorado xubilado, estabilización e promoción profesional.

*# A partir da análise desa información establecerase:*
- *As Accións de Mellora dos resultados e do propio SGIC*
- *As Necesidades de Recursos*
- *A necesidade de efectuar cambios no SGIC ou nos obxectivos para o próximo período*

*Estes aspectos, recollidos no Informe de Revisión/Seguimento do SGIC, quedarán recollidos no Plan de Melloras, onde haberá que describir as Accións de Mellora propostas en relación con cada directriz, os seus responsables e o período de execución.*
*Este informe de revisión pode organizarse seguindo as directrices de los SGIC:*
*Directrices FIDES - AUDIT*
*Directriz 1. Política o obxectivos de calidade*
*Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos*
*Directriz 3. Garantía de aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no estudante*
*Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos*
*Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos*
*Directriz 6. Información pública #*

Unha vez realizada a exposición, análise e reflexión, na seguinte sección, descríbense as Accións de Mellora (AM) propostas pola Facultade de Farmacia para o curso 2016-2017.

Estas Accións de Mellora elaboráronse en base ao Plan Anual de Melloras de cada un dos títulos impartidos no centro e que figuran no IRA do Grao de Farmacia 2015-2016 e no IAS do Máster en I+D de Medicamentos 2015-2016. Tamén se foron incorporando outras AM que a CCC considera que deben propoñerse xa que incrementan a calidade de todos os títulos impartidos no centro e resultan beneficiosos para todos os grupos de interese. No seu conxunto, todas elas constitúen o Plan Anual de Melloras da Facultade de Farmacia.

As accións de mellora incluíronse na Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión e se xeraron os correspondentes arquivos pdf de cada unha delas, que se incorporan na seguinte sección; ademais, inicialmente, inclúese unha folla resumo con todas as AM.

FACULTADE DE FARMACIA

# 3. Plan Anual de Melloras (PAM) da Facultade de Farmacia

## LISTAXE DE ACCIÓNS

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Usuario responsable** Todos **Tipo acción** Acción de mellora **Accións** Todas

**Estado** Todos **Orixe acción** Todas **Axenda** Axenda 2016-2017

| ID | Orixe | Descrición | Estado | Responsable | Resp.seguimento | ID Orixe | Fin Previsto | Rematada |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| AM-FFAR-1 | Propostas de Mellora | Elaborar o Plan Estratéxico da Facultade de Farmacia | En construcción | Isabel Sández Macho | José Ángel Fontenla Gil | | 29/12/2017 | |
| AM-FFAR-2 | Propostas de Mellora | Elaborar a Programación Plurianual da Facultade de Farmacia | En construcción | Isabel Sández Macho | José Ángel Fontenla Gil | | 29/12/2017 | |
| AM-FFAR-3 | Propostas de Mellora | Elaborar un novo Reglamento de Réxime Interno da Facultade de Farmacia. | En construcción | Perfecto Paseiro Losada | José Ángel Fontenla Gil | | 29/12/2017 | |
| AM-FFAR-4 | Propostas de Mellora | Certificar a implantación do SGIC da Facultade de Farmacia | En construcción | José Ángel Fontenla Gil | Comisión de Calidade do Centro | | 29/12/2017 | |
| AM-FFAR-5 | Propostas de Mellora | Propoñer reunións trimestrais periódicas das Comisións dos Títulos para analizar os indicadores, informes, enquisas propias, etc, coa finalidade de elaborar IAS máis reflexivos. | En construcción | Paz García Martínez | José Ángel Fontenla Gil | | 29/12/2017 | |
| AM-FFAR-6 | Propostas de Mellora | Incrementar a información da CCC dispoñible na sección da páxina web correspondente a Calidade/SGIC. Ademáis, realizaranse unha ou dúas sesións informativas dirixidas a distintos grupos de interese. | En construcción | José Ángel Fontenla Gil | Comisión de Calidade do Centro | | 29/12/2017 | |
| AM-FFAR-7 | Propostas de Mellora | Incrementar a porcentaxe de cumplimentación das enquisas para ISO, contando coa colaboración das asociacións de estudantes, realizaranse sesións informativas que poñan de manifesto a importancia das enquisas nunha mellora da calidade dos títulos (Grao e Máster) impartidos no centro. | En construcción | Paz García Martínez | José Ángel Fontenla Gil | | 29/12/2017 | |
| AM-FFAR-8 | Propostas de Mellora | Incremento de Profesores Visitantes a través dos distintos programas (Erasmus Mundus, AECID, etc.) | En construcción | José Ángel Fontenla Gil | Comisión de Mobilidade | | 29/12/2017 | |
| AM-FFAR-9 | Propostas de Mellora | Incrementar os destinos de mobilidade dispoñibles a través dos distintos programas (Erasmus+, Bilaterales, etc.) | En construcción | José Ángel Fontenla Gil | Comisión de Mobilidade | | 29/12/2017 | |
| AM-FFAR-10 | Propostas de Mellora | Impartición de cursos de formación en competencias Transversais | En construcción | José Ángel Fontenla Gil | Comisión de Calidade do Centro | | 29/12/2017 | |
| AM-FFAR-12 | Propostas de Mellora | Realización de cursos de formación. Solicitarase a inclusión dos cursos dentro do PFID da USC. | En construcción | José Ángel Fontenla Gil | Comisión de Calidade do Centro | | 29/12/2017 | |
| AM-FFAR-13 | Propostas de Mellora | Impartir cursos de formación sobre a AASX ao PDI e PAS responsable da súa utilización. | En construcción | José Ángel Fontenla Gil | Comisión de Calidade do Centro | | 29/12/2017 | |
| AM-FFAR-14 | Propostas de mellora | Curso de Prevención de Riscos Laborais | En construcción | Isabel Sández Macho | Comisión de Calidade do Centro | | 29/12/2017 | |

| ID | Orixe | Descrición | Estado | Responsable | Resp. seguimento | ID Orixe | Fin Previsto | Rematada |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| AM-FFAR- 15 | Propostas de Mellora | Incrementar a mobilidade do PDI e PAS a través dos distintos programas de mobilidade. | En construcción | José Ángel Fontenla Gil | Comisión de Calidade do Centro | | 29/12/2017 | |
| AM-FFAR- 16 | Propostas de Mellora | Promocionar/ Facilitar información da Facultade de Farmacia a través das redes sociais | En construcción | José Ángel Fontenla Gil | Comisión de Calidade do Centro | | 29/12/2017 | |
| AM-FFAR- 17 | Propostas de Mellora | Cursos de formación no que poida participar toda a comunidade implicada no Grao de Farmacia/Máster, encadrado no Plan de Formación e Innovación Docente da Facultade. | En construcción | José Ángel Fontenla Gil | Comisión de Calidade do Centro | | 29/12/2017 | |
| AM-FFAR- 19 | Propostas de Mellora | Renovación de material para prácticas de laboratorio dos alumnos da Facultade (microscopios, espectofotómetros, placas axitadoras, pipetas automáticas, etc.) | En construcción | Isabel Sández Macho | Comisión de Calidade do Centro | | 29/12/2017 | |
| AM-FFAR- 20 | Propostas de Mellora | Organizar un congreso no mes de xuño onde os alumnos poidan expor a labor desenvolvida ao longo do curso a través de comunicacións orais e poster, así como os grupos de investigación poidan presentar as súas liñas de investigación para axudar a unha correcta elección aos alumnos que van realizar as prácticas no vindeiro curso. | En construcción | José Ángel Fontenla Gil | Comisión de Calidade do Centro | | 31/07/2017 | |
| AM-FFAR- 21 | Propostas de Mellora | Propoñémonos, na medida que dispoñamos de orzamento, a instalación de 14 puntos de acceso wifi en zonas da Facultade que non teñen cobertura wifi | En construcción | Isabel Sández Macho | Comisión de Calidade do Centro | | 29/12/2017 | |

FACULTADE DE FARMACIA

# ACCIÓN: AM-FFAR-1

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Finalización do proceso previsto** 29 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** Isabel Sández Macho

**Responsables do seguimento** José Ángel Fontenla Gil

**Análise da(s) causa(s)** Carencia de Plan Estratéxico

**Descrición da proposta** Elaborar o Plan Estratéxico da Facultade de Farmacia

---

**En construcción**

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE FARMACIA

# ACCIÓN: AM-FFAR-2

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Finalización do proceso previsto** 29 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** Isabel Sández Macho

**Responsables do seguimento** José Ángel Fontenla Gil

**Análise da(s) causa(s)** Carencia de Programación Plurianual

**Descrición da proposta** Elaborar a Programación Plurianual da Facultade de Farmacia

**En construcción**

FACULTADE DE FARMACIA

# ACCIÓN: AM-FFAR-3

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Finalización do proceso previsto** 29 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** Perfecto Paseiro Losada

**Responsables do seguimento** José Ángel Fontenla Gil

**Análise da(s) causa(s)** Carencia de Reglamento de Réxime Interno da Facultade adaptado ao EEES

**Descrición da proposta** Elaborar un novo Reglamento de Réxime Interno da Facultade de Farmacia.

**En construcción**

FACULTADE DE FARMACIA

# ACCIÓN: AM-FFAR-4

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Finalización do proceso previsto** 29 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** José Ángel Fontenla Gil

**Responsables do seguimento** Comisión de Calidade do Centro

**Análise da(s) causa(s)** Certificar a implantación do SGIC para mellorar a calidade e simplificar os procesos de seguimento e acreditación dos títulos impartidos no centro.

**Descrición da proposta** Certificar a implantación do SGIC da Facultade de Farmacia

**En construcción**

# ACCIÓN: AM-FFAR-5

FACULTADE DE FARMACIA

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Finalización do proceso previsto** 29 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** Paz García Martínez

**Responsables do seguimento** José Ángel Fontenla Gil

**Análise da(s) causa(s)** Necesidade de elaborar Informes Anuais de Seguimento (IAS) por parte dos títulos máis reflexivos e menos descriptivos.

**Descrición da proposta** Propoñer reunións trimestrais periódicas das Comisións dos Títulos para analizar os indicadores, informes, enquisas propias, etc, coa finalidade de elaborar IAS máis reflexivos.

**En construcción**

FACULTADE DE FARMACIA

# ACCIÓN: AM-FFAR-6

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Finalización do proceso previsto** 29 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** José Ángel Fontenla Gil

**Responsables do seguimento** Comisión de Calidade do Centro

**Análise da(s) causa(s)** Baixo coñecemento por parte dos grupos de interese da Comisión de Calidade do Centro (CCC), da súa actividade e importancia para a mellora continua dos títulos impartidos na Facultade.

**Descrición da proposta** Incrementar a información da CCC dispoñible na sección da páxina web correspondente a Calidade/SGIC. Ademáis, realizaranse unha ou dúas sesións informativas dirixidas a distintos grupos de interese.

---

**En construcción**

FACULTADE DE FARMACIA

# ACCIÓN: AM-FFAR-7

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Finalización do proceso previsto** 29 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** Paz García Martínez

**Responsables do seguimento** José Ángel Fontenla Gil

**Análise da(s) causa(s)** Baixo porcentaxe de cumplimentación das enquisas de satisfacción.

**Descrición da proposta** Incrementar a porcentaxe de cumplimentación das enquisas para ISO, contando coa colaboración das asociacións de estudantes, realizaranse sesións informativas que poñan de manifesto a importancia das enquisas nunha mellora da calidade dos títulos (Grao e Máster) impartidos no centro.

**En construcción**

FACULTADE DE FARMACIA

# ACCIÓN: AM-FFAR-8

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Finalización do proceso previsto** 29 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** José Ángel Fontenla Gil

**Responsables do seguimento** Comisión de Mobilidade

**Análise da(s) causa(s)** Aumento da visibilidade da Facultade de Farmacia a nivel mundial facilitando a visita de profesores estranxeiros.

**Descrición da proposta** Incremento de Profesores Visitantes a través dos distintos programas (Erasmus Mundus, AECID, etc.)

**En construcción**

FACULTADE DE FARMACIA

# ACCIÓN: AM-FFAR-9

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Finalización do proceso previsto** 29 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** José Ángel Fontenla Gil

**Responsables do seguimento** Comisión de Mobilidade

**Análise da(s) causa(s)** A mobilidade dos estudantes cara outros países supón un enriquecemento persoal e académico permitíndolles o coñecemento da realidade social dos mesmos, o sistema educativo e como é o exercicio da profesión noutros países.

**Descrición da proposta** Incrementar os destinos de mobilidade dispoñibles a través dos distintos programas (Erasmus+, Bilaterales, etc.)

---

**En construcción**

FACULTADE DE FARMACIA

# ACCIÓN: AM-FFAR-10

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Finalización do proceso previsto** 29 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** José Ángel Fontenla Gil

**Responsables do seguimento** Comisión de Calidade do Centro

**Análise da(s) causa(s)** É necesaria unha maior formación en competencias transversais que incremente a seguridade e a garantía de éxito das iniciativas desenvolvidas polos estudantes e futuros profesionais. As asociacións de estudantes demandaron o desenvolvemento de cursos complementarios á formación regulada, propia dos títulos, por parte da Facultade de Farmacia.

**Descrición da proposta** Impartición de cursos de formación en competencias transversais

**En construcción**

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE FARMACIA

# ACCIÓN: AM-FFAR-11

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Finalización do proceso previsto** 29 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** José Ángel Fontenla Gil

**Responsables do seguimento** Comisión de Calidade do Centro

**Análise da(s) causa(s)** O profesorado require a realización de cursos de formación que facilite a innovación docente

**Descrición da proposta** Realización de cursos de formación. Solicitarase a inclusión dos cursos dentro do PFID da USC.

**En construcción**

FACULTADE DE FARMACIA

# ACCIÓN: AM-FFAR-13

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Finalización do proceso previsto** 29 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** José Ángel Fontenla Gil

**Responsables do seguimento** Comisión de Calidade do Centro

**Análise da(s) causa(s)** Pouco coñecemento da Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión (AASX) da USC.

**Descrición da proposta** Impartir cursos de formación sobre a AASX ao PDI e PAS responsable da súa utilización.

**En construcción**

FACULTADE DE FARMACIA

# ACCIÓN: AM-FFAR-14

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Finalización do proceso previsto** 29 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** Isabel Sández Macho

**Responsables do seguimento** Comisión de Calidade do Centro

**Análise da(s) causa(s)** É necesario realizar un novo curso de prevención de riscos, xa que o último efectuado é do curso 2013-2014.

**Descrición da proposta** Curso de Prevención de Riscos Laborais

**En construcción**

FACULTADE DE FARMACIA

# ACCIÓN: AM-FFAR-15

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Finalización do proceso previsto** 29 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** José Ángel Fontenla Gil

**Responsables do seguimento** Comisión de Calidade do Centro

**Análise da(s) causa(s)** Mobilidade moi baixa do PDI e PAS

**Descrición da proposta** Incrementar a mobilidade do PDI e PAS a través dos distintos programas de mobilidade.

---

**En construcción**

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE FARMACIA

# ACCIÓN: AM-FFAR-16

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Finalización do proceso previsto** 29 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** José Ángel Fontenla Gil

**Responsables do seguimento** Comisión de Calidade do Centro

**Análise da(s) causa(s)** Nula presencia da Facultade de Farmacia nas redes sociais

**Descrición da proposta** Promocionar/ Facilitar información da Facultade de Farmacia a través das redes sociais

---

**En construcción**

FACULTADE DE FARMACIA

# ACCIÓN: AM-FFAR-17

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Finalización do proceso previsto** 29 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** José Ángel Fontenla Gil

**Responsables do seguimento** Comisión de Calidade do Centro

**Análise da(s) causa(s)** Desenvolvemento de novas ferramentas, así como necesidade de actualización de cara ao proceso de ensino-aprendizaxe. O pasado curso desenvolvéronse accións conxuntas de formación como "oratoria e presentacións de alto impacto" dirixidas a toda a comunidade da Facultade (PDI, PAS e alumnado), con un gran éxito de participación e satisfacción.

**Descrición da proposta** Cursos de formación no que poida participar toda a comunidade implicada no Grao de Farmacia/Máster, encadrado no Plan de Formación e Innovación Docente da Facultade.

---

## En construcción

# ACCIÓN: AM-FFAR-19

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Finalización do proceso previsto** 29 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** Isabel Sández Macho

**Responsables do seguimento** Comisión de Calidade do Centro

**Análise da(s) causa(s)** Nos últimos anos non se puido renovar o material de prácticas debido á crise económica sufrida pola Universidade, polo que o material dispoñible nestes intres está obsoleto ou estropeado.

**Descrición da proposta** Renovación de material para prácticas de laboratorio dos alumnos da Facultade (microscopios, espectofotómetros, placas axitadoras, pipetas automáticas, etc.)

---

**En construcción**

FACULTADE DE FARMACIA

# ACCIÓN: AM-FFAR-20

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Finalización do proceso previsto** 31 Xullo 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** José Ángel Fontenla Gil

**Responsables do seguimento** Comisión de Calidade do Centro

**Análise da(s) causa(s)** Necesidade de avaliar os proxectos nos que participan os alumnos nas súas prácticas externas en Grupos de Investigación, así como inicialos na contorna investigadora, como son os congresos, conferencias, cursos,...

**Descrición da proposta** Organizar un congreso no mes de xuño onde os alumnos poidan expor a labor desenvolvida ao longo do curso a través de comunicacións orais e poster, así como os grupos de investigación poidan presentar as súas liñas de investigación para axudar a unha correcta elección aos alumnos que van realizar as prácticas no vindeiro curso.

**En construcción**

FACULTADE DE FARMACIA

# ACCIÓN: AM-FFAR-21

**Sistema de xestión** Facultade de Farmacia

**Finalización do proceso previsto** 29 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** Isabel Sández Macho

**Responsables do seguimento** Comisión de Calidade do Centro

**Análise da(s) causa(s)** Deficiencia de cobertura wifi en distintas zonas da Facultade

**Descrición da proposta** Propoñémonos, na medida que dispoñamos de orzamento, a instalación de 14 puntos de acceso wifi en zonas da Facultade que non teñen cobertura wifi

---

**En construcción**

## 4. Anexo: Informe de Renovación da Acreditación do Grao en Farmacia e Informe Anual de Seguimento do Máster en I+D de Medicamentos

Indicacións da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC para a cumprimentación

Informe de seguimento do curso obxecto de seguimento

Pódese acceder ao IRA do Grao en Farmacia e ao IAS do Máster en I+D de Medicamentos pulsando nas seguintes ligazóns

- Grao en Farmacia:

  http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/farmacia/descargas/MPP_SGIC_Farmacia/2502220_IRA_2015-2016.pdf

- Máster en I+D de Medicamentos

  http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/farmacia/descargas/MPP_SGIC_Farmacia/IAS-Master-I-D-en-Medicamentos-2015-2016-JF-2017-01-30.pdf

A Comisión de Calidade do Centro, na súa xuntanza de 3 de marzo de 2017 acordou que o Centro asume as accións de mellora do IRA do Grao en Farmacia e as seguintes accións de mellora do máster de I+D de medicamentos: SGIC_5_D1_C3_AM03_15-16, MIDM_5_D1_C1_AM03_15-16 e SGIC_5_D1_C3_AM04_15-16, que se recollen, respectivamente, na memoria de calidade coas referencias AM-FFAR 13, AM-FFAR 5 e AMFFAR 7